

# TECENDO

# REDES

ROTEIROS ADEGA LUGO  
2019 - 2020

## 24 NOVEMBRO

### O BIERZO, A GALIZA IRREDENTA

EN COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN TYTO ALBA

Comezaremos o roteiro en Palacios de Compludo, por encima dos 1500m de altitude, pobo restaurado seguindo os criterios da arquitectura tradicional. Borearemos o pico Becerril (1887m) e chegaremos ata o paraxe coñecido como Piedrafita, lugar onde se dividen as comarcas do Bierzo e Maragatería. Tras camiñar por esta serra arrasada polos incendios, e polas infraestruturas eólicas, chegaremos a Bouzas, pobo descoidado, e colleremos unha senda que transcorre por unha excelente e conservada carballeira, xa en terreos da reserva ornitolóxica, onde empalmaremos coa ruta do oso dentro dos denominados montes de Leon.

Esta ruta de 4 km transcorre por unha carballeira, cruzaremos algunha ferverza ou “gualtones”, como se lle chama pola zona. Pasaremos por un vello bosque de ribeira e ascenderemos ao lugar de partida, Palacios de Compludo. Todo o percorrido e as vistas están integradas na “Reserva ornitolóxica de Palacios” espazo libre de caza e onde se realiza dende fai mais de 20 anos un proxecto de custodia do territorio.

Ao finalizar disfrutaremos dun magosto.

Lonxitude: 15 Km (\*)

Dificultade: Media

Roteiro circular

Reserva praza: Web: <https://roteirosadegalugo.wordpress.com>

Teléfonos: 982.240.299 / 677.800.293

Saída: Avenida de Ramón Ferreiro (Fac. Formación do Profesorado) ás 8:00h.

Prezos: Xeral 18€ / Socios-socias 12€ / Estudantes ou en paro 15€ / Ata 14 anos 5€.

O pago deberá efectuarse con antelación e por transferencia bancaria.

Os roteiros son de xornada completa.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s.

As prazas asignaranse por orde de inscrición, ata o xoves 21 de novembro, ás 14:00h.

PRÓXIMOS ROTEIROS



+info:

<http://roteirosadegalugo.wordpress.com>

ou

<http://adega.gal>



A D E G A